

A publicación do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, significou un punto de inflexión na consideración da atención temperá. Dende o 16 de setembro do 2019, o Concello de Mos, conta con servizo de atención temperá no seu Concello. A fin de entender que é e quen pode acudir, resolvemos dúbidas xerais.

Que é a atención tempera?

Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e o contorno. O seu obxectivo é dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes dos nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos. A clave é que, canto máis axiña se detecten as posibles dificultades, os resultados da atención profesional poden ser mellores.

A quen se dirixe a atención temperá?

Aos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situación de risco de padecerlos, ás familias e ao contorno empadroados no Concello de Mos.

Quen pode informar dunha sospeita de trastorno do desenvolvemento nun neno?

As propias familias, as escolas infantís, os servizos sociais comunitarios ou outras instancias que traten co menor e coa familia.

No caso de que a sospeita sexa fóra da familia, debe informarse á mesma para que acudan ao servizo de pediatría.

A onde debo dirixirme para obter máis información?

- Ao servizo de pediatría que derivará no caso de que considere a unidade de AT.
- Aos servizos sociais do Concello de Mos.
- Aos servizo de orientación do centro educativo no que estea matriculado o neno ou nena.
- Ao servizo de atención temperá do Concello de Mos, chamando ao teléfono **667.539.415**, **atenciontempera@concellomos.es** ou acudindo á **Axencia de Colocación ou antigo CDL de Mos**.

Atentamente, o equipo de atención temperá do Concello de Mos.